



PROGRAMA XOGADE 2016 / 2017 **SEGURO DE ACCIDENTE DEPORTIVO DE 6 A 16 ANOS**

ASEGURADOS

Compón o colectivo a asegurar a totalidade dos deportistas participantes nos programas e actividades do programa XOGADE e que inclúen: a actividade escolar, as actividades puntuais (“Xogando co mar”, “Xogando co atletismo” e “Correndo por Galicia”) e a actividade federada desenvolvida polos deportistas federados das federacións adheridas a este contrato de seguro desde o día en que cumpren 6 anos e ata o seu último día con 16.

COBERTURA

1. A póliza cubrirá os accidentes que se produzan nas seguintes situacións:

- Durante a celebración de competicións ou actividades deportivas dentro do programa XOGADE realizadas nas instalacións ou espazos deportivos públicos e/ou privados, colexios e institutos públicos e/ou privados, instalacións de centros cívicos, espazos libres, parques e rúas ou ben nas instalacións das cidades onde por motivos de intercambios deportivos se realicen as competicións.
- Durante os adestramentos ou etapas de preparación deportiva, sempre que se realicen nas condicións de lugar que se expresan no parágrafo anterior e baixo a dirección de adestradores, preparadores ou persoal técnico cualificado.

Quedan excluídas da cobertura da póliza as lesións ocasionadas pola práctica deportiva durante o período de baixa por lesión, desde a primeira asistencia ata a alta médica.

2. Definición de accidente aos efectos da póliza do seguro:

- Enténdese por accidente toda lesión corporal sobrevinda ao asegurado independentemente da súa vontade e debida a unha causa súbita, fortuíta, momentánea, externa e violenta. Aos efectos do seguro terá a consideración de accidente cuberto as consecuencias da práctica da actividade deportiva incluídas as lesións non traumáticas.
- Quedan expresamente excluídas do ámbito de cobertura desta póliza as lesións derivadas do crecemento, xenéticas ou dexenerativas.



PERIODO DE COBERTURA DO SEGURO

Actividade Federada: Toda a tempada.

Actividade Escolar: o período de cobertura comeza o 1 de outubro e remata o 31 de maio, salvo as excepcións do punto seguinte.

Actividades Puntuais: As actividades realizadas dentro dos programas "Xogando co Mar", "Xogando co Atletismo", "Correndo por Galicia", "Nada e corre" e "Multixogo 6 a 8 anos" terán unha cobertura puntual que se restrinxen exclusivamente ao período de duración da actividade.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS

A atención en caso de lesión deberá xestionarse da seguinte maneira:

1. Cumprimentación telemática dun "parte de accidente" na aplicación web de XOGADE.
2. O lesionado debe acudir ao centro médico concertado proporcionando os datos da póliza.
3. En casos excepcionais de **Urxencia Vital** ou por ausencia de centros concertados **nun radio de 50 Km.** da localidade na que se produza o accidente, o lesionado poderá recibir a asistencia médica de urxencia no centro sanitario do SERGAS máis próximo.
4. En todos os casos o deportista deberá acreditar a súa condición de pertenza ao colectivo asegurado polo contrato obxecto desta licitación.

DESPRAZAMENTOS FÓRA DE GALICIA

Os desprazamentos fóra do territorio galego deberán ser comunicados previamente á compañía aseguradora, mediante correo electrónico a autorizaciones@scaautorizaciones.es, indicando o nome completo e DNI dos deportistas desprazados, a orixe e destino do desprazamento, a duración do mesmo e a actividade deportiva na que se vai a participar.